

TREVO: TRILOXÍA DO OUTONO
PRESENTACIÓN MANUEL SEIXAS
28 de maio de 2021

Agradecementos a Couceiro e á biblioteca Ánxel Casal [buscar frase sobre librerías e bibliotecas]

E grazas tamén a Manuel por onvidarme a presentar *Trevo* en Compostela. El díxome que lle gustaría contar comigo na presentación, entre outras cousas, porque quería pechar un círculo. E velaquí estamos.

E buscando atopeime co impresionante espazo web, www.manulseixas.com e, ademais da súa creación, dei con algo marabilloso: o currículo frío (mais formal) e cos currículos quentes nos que se declara amante de filosofía, amante de Espe e de Laura, amante fiel do Barça, de signo zodiacal Xémini que, como é o dos xemelgos, sérvelle e, nas súas palabras, **"para explicar as dobreces do que o meu xemelgo chama "poesía e semellantes"**. Gústalle a cor amarela, é ateo –ao principio do web invoca ao seu **"deus inexistente"**, gustaríalle renacer convertido en algo semellante a un **"home digno e tranquilo"**, ao longo de *Trevo: triloxía do outono*, poemario que presentamos hoxe está presente ese dexeso de ser, non tanto un home bo (que tamén) senón un home digno que ansía estar en paz. Tamén se declara insubmisivo, un punky insubmisivo e romántico. Eu vou elaborar un currículo medio quente para falarvos del e da súa obra.

Como vos dicía, Manuel convidoume, entre outras cousas, a presentar *Trevo* porque quería pechar un círculo. A min, máis que falar de círculos gústame falar de esferas ou burbullas, porque a miña percepción do tempo é esférica: tramos de vida que acontecen nunha burbulla que nos expulsa para entrarmos noutra. Deime de conta de que a relación de Manuel e miña é intermitente: como escoitar notas ciscadas dunha melodía ou ler capítulos soltos dunha novela, pero coa sensación de que coñecemos tanto a canción completa como a novela letra a letra. Creo que, sen contar este novo encontro, coincidimos plenamente durante tres esferas de vida:

A primeira foi aos quince ou dezaseis anos. Concidimos no instituo. Compartiamos un mesmo pupitre que, polo menos daquela, era de dúas

prazas. Temos un apelido común, García, que os dous deixamos de lado porque eliximos o apelido materno. Foi unha descuberta interesante saber que os nosos pais eran curmáns e que, daquela, tiñamos proximidade familiar, algúns xenes en común. Manuel era un compañeiro marabilloso. Lembro que ría moito, que era moi intelixente, tenro, xeneroso. Con el podía falar non só das materias que dabamos nas clases, senón de música, de libros, de política (maioría de idade, despois o referendun da constitución, Te recuerdo Amanda de Víctor Jara de aí, Allende, hai uns versos dedicados a un amigo no que fala desta canción e mais de Allende). Lembro dous libros: unha novela que me impresionara moitísimo –*Los asesinos*, de Elia Kazan- e tamén o poemario *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro. Agora, ao repasar entrevistas de Manuel, sobre todo na época da presentación de *Interferencias* –a súa última novela- descubro que el fala con frecuencia da longa noite de pedra persoal que viviu. En trevo, evidentemente, esa longa noite de pedra persoal, de enfermidade, sufrimento e morte, está presente, por non dicir que omnipresente. Con el falaba dos Beatles, dos Rolling, de Jimi Hendrix e de Janis Joplin, que me fascinaban daquela. Manuel tocaba a guitarra, Manuel era músico xa e debeu ser músico dende que naceu. No seu espazo web aparece unha foto súa cando era un meniño, cos seus pais, supoño, e xa tiña unha guitarra nas mans. Manuel foi a primeira persoa en ler aqueles primeiros relatos que eu escribía, algún poema tamén. Por sorte, non os conservo. Foi este, un tempo de tenrura, de aprendizaxe, de compañeirismo, non sei se teríamos recitado o poema de Whitman *Ouh capitan, o meu capitan*, como na película *O club dos poetas mortos*, porque eu non lembro que ninguén, nesa época da miña vida, entre o profesorado me estimulase de tal maneira pero, polo que sei, el acabou estudando Filosofía grazas a un profesor que si o impresionou.

A segunda nota coincidente na nosa melodía vital aconteceu, a nova esfera que nos acolleu, aconteceu tamén en Vilagarcía máis dunha década despois, nos noventa ou por aí. El, Xurxo, Roberto e Josito metidos xa en Korosi Danzas, unha banda, e cito textualmente, **con fins exclusivamente reivindicativos e protestóns**. Foi un tempo cheo de enerxía, ilusionante, creativo. Manuel comezaba a ter éxito como músico, coa banda, e literariamente: gañou o Premio Xerais de Novela con *A velocidade do frío*, un recoñecemento que te convertía en famoso de golpe e que situaba na primeira liña da literatura galega ao lado dos grandes: Suso de Toro, Manuel Rivas, Casares, Freixanes, Margarita Ledo... Daquela, sentíame moi próxima á súa literatua, ás súas letras, a súa música. Foi ese un tempo

bo, segundo di el na súa biografía, para o xemelgo escritor porque ademais da novela *A velocidade do frío*, publicou o libro de relatos *Viñeron do espazo exterior*. Tamén foi o tempo dos discos de Korosi Dansas *Cordura e Non!*

Como digo, foi un tempo de admiración, de creación que, ao ler en *Trevo* a dedicatoria a Roberto Camba, e os versos escritos para el, me veu á cabeza e ao corazón con toda a súa niditez, cargada de luces e de sombras. De mar, música, de nocturnidade: **golpe exacto, artista imprevisíbel, compañeiro de destino—E Roberto, golpe impecábel, lembranza atrancada, home das metáforas transversais, sincronía, excelso símbolo-**

Conservo deste tempo unha copia mecanoscrita co relato *Meteorito*, que non sei se chegaches a publicar.

A admiración, e o respecto e a certeza de que Manuel é un bo amigo, estiveron presentes na terceira esfera de vida que compartimos, que foi a época da editorial Madame Mir (onde publicou *Bestiario de silencios* Emna Pedreira) e do estudio de gravación A Fábrica de Luz. Unha época á que, tamén, como coa lectura das palabras dedicadas a Roberto, *Trevo* me arrastra tirándome da alma. A César Morais **músico dourado, existir enfeitizado, bohemia laxitude**. El era xusto iso. Porque as persoas que amamos e morreron seguirán vivas mentres as lembremos, permitídemme que lea os versos que lle escribe Manuel: **E César, piano que agarimo cada pouco en cada poro, media vida, contigo media vida, meu amigo, agardo por ti para cantar mentres sorrís, agardo por ti mentres o piano non soa.**

Foi esa época, a finais dos noventa, o tempo de *Vestixios do verme* e *Diario de Ausencias*. E da novela *Bailarina*: un libro que me apaixonara, fermoso e interesantísimo que, igual que *A velocidade do frío*, tiña banda sonora. As bandas sonoras de Manuel, acompañáronme durante moito tempo e foron inspiración para a sección *Anxos de garda* que tiven na rede. En música, *Presentimento* en solitario e, con Neuroband Microse (en homenaxe a Roberto Camba).

Despois viñeron, xa na década de 2010, en música: *Proceso Amniótico* e *Verde* e, o xemelgo escritor publicou *Interferencias* e agora *Trevo*.

Trevo atopeino inesperadamente, como quen atopa un diamante puro nun camiño de terra. Foi nun deses deses momentos de devoración literaria que me entran con frecuencia. Estaba sobre unha mesa expositora con outros moitos libros. Chamoume poderosamente a atención a súa cuberta chea de cor. Vin un trevo, vin unha amapoula, vin cousas que non teño claro se realmente están: unha balea, unha vértebra, xeo, mar, barcos, fractais, oxidacións... Despois o autor manifestouse nunha nota alegre e vibrante. E o título: *Trevo: Triloxía do Outono*. Manuel Seixas. Leveino para a casa con intención de poñerme a lelo inmediatamente. Gústame Manuel cando escribe, é sincero, é certo, non minte. Como el mesmo dixo nunha entrevista: **o que escribo será unha merda, pero nunca se me poderá dicir que non sexa verdade ou que non o sinta**. Sempre me fai tremer, a súa perspectiva é lúcida e valente. Así que comecei a lectura e confésovos que tiven que deixala. Os primeiros poemas que conseguín ler, conmocionáronme. Doíame máis do que ningunha obra literaria me doera nunca. Había emocións, sensacións, afectos, perdas demasiado familiares. Estaban os meus amigos mortos. Non tiña eu, nin por asomo, a valentía para lelo que Manuel tivera para escribilo. Mantíveno ao meu lado durante días, semanas. Leveino na mochila ao traballo, á casa da aldea, fixo viaxes en bus, en coche, camiñadas polo monte. Non era capaz de lelo, pero tampouco era capaz de separame del, como se ao separme del, me separase de min mesma, das persoas que ameí.

Por fin, unha tarde chamoume Manuel. Díxenlle que me parecía unha persoa moi moi moi valente por escribir o poemario pero que eu era incapaz de lelo. Convidoume a presentalo, díxome que quería pechar un círculo. E entón púxenme a lelo. Sufrín, si. Chorei moito. Pero tamén me sentín reconfortada, en paz, como cando despois de pasar por unha dor profunda, o corpo queda extenuado e en repouso, nunha paz que só se pode entender cando se pasa por un proceso semellante. E Manuel, sen dúbida, pasou por el.

A presentación editorial di que é un libro de vida, morte e ausencias concentradas. Unha ollada ínima, sutil e crúa na procura do sentido desta existencia inexplicable. Si, é certo. Eu engado que na triloxía hai tres estados: En *O camiño natural das bágoas* está o do sufrimento, o da dor e a morte. En *Pequenos acordos do corazón doente* está o da aceptación e a paz, acompañada polos acordos de Xurxo Romero, pola música feita trazo,

pequenos poemas visuais. Na terceira parte, *Esta vez fareino ben* descubro o renacemento e a mobilización. E, en todo libro, no trevo como unidade, aparece a voz do poeta insumiso, do Manuel punky e sentimental, aparece a reflexión do filósofo, a perplexidade do ser humano ferido –física e emocionalmente-, a presenza do mal “**creo na permanencia do mal**”, o trato directo coa morte, a dos amigos, a da nai “**perder unha nai pouco a pouco en horribel óbito, símil de cerebro arrevesado**”, “**morrer non é malo, sufrir é malo**. A confirmación da existencia como “**cruel e marabillosa, única vida**”. A valentía de pedir perdón e de declarar abertamente os afectos, a fascinación pola palabra esperanza e pola muller esperanza, a amada.

Manuel apóiase nos versos de poetas que admira: León Felipe, Antón Tovar, Enma Pedreira, Lois Pereiro, Celso Emilio, García Lorca pero, sobre todo, en Antonio Gamonera, que serve de guía para o primeiro tramo da triloxía, a primeira folla do trevo. Gamoneda escribe porque ten medo: anticipa a morte, a súa poesía é un camiño, ou unha preparación para a morte. Manuel escribe porque sente e porque sofre: “se non hai dor non hai literatura”, di e insiste: “escribo cando quero botar fóra toda a dor do mundo. A propia e a allea”. E iso para min é un acto de valentía. Porque, como escribiu Roland Barthes: “é moitísimo máis difícil escribir a palabra “eu” ca lela xa escrita”.

Amais de todo isto, *Trevo* é un libro de oracións profanas, coas que exorcizar a morte e o sufrimento, coas que evocar amizade e afectos e tamén unha especie de exconxuro co que manter vivos aos amores mortos. Mentres os lembremos, serán inmortais.

En fin, creo que xa é o momento de que Manuel nos fale de *Trevo: triloxía do outono*. Grazas, amigo, pola túa enorme lección de valentía, pola túa dignidade, honradez e xenorisidade. Es un gran escritor, un músico xenial e tamén es un home digno. Quérote. Querémoste.

Anxos Sumai